

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE MARZO DE 2022

Ás 08:35 horas do día 30 de marzo de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 24 de marzo e ampliada a orde do día o 25, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Elena Ares Salgado, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección  
D. Ignacio S. Ojea Pérez, suplente da xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11b)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **11.- Propostas de adjudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)**

Retírase este asunto da orde do día a pedimento do servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e



- do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrellos (25.377-332)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación URXENTE dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrellos.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de 20/09/2021 redactado polo Servizo de Educación (coa rectificación no Anexo 3 aprobada pola XGL de data 05/11/21), e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 07/02/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrellos, por procedemento aberto.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 979.813,04 euros (172.951,80€ na anualidade de 2022; 244.953,26€ nas anualidades de 2023, 2024 e 2025; e 72.001,46€ na anualidade de 2026), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrellos, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.14 ("EIM Mestres Goldar-Castrellos"), e bolsa de vinculación.*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de marzo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrellos (25.377-332) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	98,32
2	AURORA PILAR Y ANA, S.L.	86,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:54	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA549-E9B6BE-BEA3EF-5MRHHH-P834A7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitadores	Puntuación total
3	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.L.	50,53

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigos 150.2, 137 e 119 da LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o día 24 de marzo de 2022, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de marzo de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:54	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA549-E9B6BE-BEA3EF-5MRHHH-P834A7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 21 e 24 de marzo de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 892.540 euros, exento de IVE.*
- b) Propón un incremento das horas de dedicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-) de 10 horas/semana.*
- c) Propón a achega de materiais didácticos por importe de 5.000,54 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 08:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:54	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA549-E9B6BE-BEA3EF-5MRHHH-P834A7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		